



Marzo 2018

Ola lector@s!!!

Hoxe teño morriña. Si, amigas e amigos lectores, debe ser a primavera que xa chega que fai que me sinta ... morriñenta.

As raiolas de sol que entran pola ventá da biblioteca fan que me sinta ben; entón, collo un libro e... vivo aventuras sin fin, soño con lugares maravillosos, son unha superXiana e ata é posible que cante cancións gatunas! Miauuuuuu!!!

Hoxe, rebuscando nos estantes, atopei uns libriños que fixeron nenas e nenos do colexio (ao mellor algún aínda anda por aquí) e volví a ler ditos, poemas, adiviñas, cantigas.

Lector@s, sentádevos a carón das avoas e dos avós, escoitádeos. No Día da Poesía (21 de marzo) que mellor que escoitar, recitar, crear, ler... POESÍA.

Detrás do marcador/tarxeta da Biblioteca para celebrar este día, escribide uns versos, unha cantiga, un dito, unha adiviña ... e despois compartídea cos vosos compañeiros e compañeiras.

Eu vou compartir esta

- Cando cociches?
- Onte á noite.
- E que fixeches?
- Un boliño.
- E quen cho levou?
- Un ratiño.
- E como ía?
- Co rabo dereito.
- Imos a un preito?

MIAUUUU!!!! Un ratiño... vou mirar nun buratiño



XIANA